

TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Técnica de conservación preventiva dos bens pictóricos II
Departamento: Conservación e restauración de pintura
Formación básica
Curso: 3º pintura
2º Cuadrimestre
2 ECTS
Teórica
Profesora: Clara Alonso López
calolop@edu.xunta.gal
Horario: 2 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Procedementos específicos de conservación preventiva dos bens pictóricos in situ, en exposición, no traslado ou no depósito

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos a a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas do seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.

X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados
X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural in situ, durante a súa e almacenamento, transporte ou depósito.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP9	Deseñar protocolos de actuación para o mantemento in situ, almacenamento, exposición, manipulación, embalaxe e transporte de bens culturais propios da especialidade, de forma que se garanta a súa integridade e adecuada conservación.
-----	--

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidades	% no total da materia
Unidade 1: CP de pintura mural - Introducción á CP en inmobles - Diagnose e medición - Medidas correctoras - Plan de mantemento - Conservación preventiva de pintura mural arrancada. Depósito, exposición e traslado	65%
Unidade 2: CP de pintura sobre soporte metálico - Manipulación, exposición, embalaxe, transporte, depósito	25%
Unidade 3: Conservación preventiva de pintura sobre soporte de vidro - Manipulación, exposición, embalaxe, transporte, depósito - Conservación preventiva de vidreiras	10%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	30		30
Estudo autónomo		4	4
Traballo tutelado	6	10	16
Total	36	14	50

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballos, exercicios ou proxectos a desenvolver polo estudante.
Estudo autónomo	Estudo individual da materia empregando diversas fontes (apuntamentos; material

	bibliográfico, etc.).
Traballo tutelado	Actividade de aplicación dos coñecementos adquiridos nas sesións maxistras, sobre supostos ou casos reais, coa orientación e ferramentas proporcionadas pola profesora.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas, poden incluír estudos de caso e/ou preguntas (curtas, longas)	- Aplicación dos coñecementos adquiridos. - Corrección e rigor nos contidos, así como na expresión escrita.	65%
Avaliación, mediante rúbrica proporcionada, dos estudos de caso e/ou sobre supostos ou casos reais	- Puntualidade na entrega. - Calidade no contido: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos teóricos e corrección no desenvolvemento do exercicio - Forma: formato, claridade e eficacia na expresión, ortografía, epígrafes. - Participación nas postas en común/presentación (de ser o caso).	30%
Avaliación, mediante rúbrica proporcionada, do desenvolvemento do curso mediante observación sistemática	Interese demostrado (calidade/participación); asimilación dos coñecementos adquiridos; responsabilidade e organización no traballo.	5%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia é obrigatoria.

Convocatoria ordinaria:

• **Avaliarase de forma continuada** o progreso no proceso de aprendizaxe. A avaliación farase seguindo as porcentaxes aquí establecidas e mediante rúbrica dispoñible na aula virtual. Para aprobar en avaliación continuada o alumno debe:

- Non superar un 20 % de faltas sen xustificar
- Entregar todos os exercicios realizados ó longo do curso nos tempos e forma requiridos
- Ter aprobadas todas as partes para poder sumar co resto de notas.
- Acadar unha nota global da materia mínima de 5. A nota global da materia resulta da suma das notas dos apartados “probas escrita”, “estudos de caso e/ou sobre supostos ou casos reais” e “observación sistemática”.

• **Exame de convocatoria ordinaria:** para aqueles alumnos que non teñan superada a materia en avaliación continua (pode tratarse dunha proba de recuperación parcial ou total da materia) e para aqueles que perderon o dereito a seren avaliados de forma continua (proba de recuperación total da materia).

No caso de tratarse dunha recuperación total, comprenderá unha proba escrita.

Convocatoria extraordinaria:

- O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- Na convocatoria extraordinaria o alumnado terá que realizar unha proba escrita sobre o total dos contidos desenvolvidos no curso. A avaliación da materia na convocatoria extraordinaria farase só a través desa proba escrita.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso mediante o uso de tutorías nos horarios establecidos.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- [Plan de conservación preventiva de la Iglesia Skate](#) / Alba Trashorras Rodríguez, 2017.
- [La conservación preventiva en la pintura mural gallega](#) / Asunción Marién González Añón, 2014.
- [Plan de conservación preventiva de las pinturas del Café Moderno \(Pontevedra\)](#) / Tamara Campo Táboas, 2019.
- [Manual de seguimiento y análisis de condiciones ambientales. Plan nacional de conservación preventiva](#) / Juan A. Herráez, 2014.
- [Museos a la intemperie : Conservación preventiva para murales urbanos](#) / Andrea Fernández Arcos, 2022.
- [Conservación preventiva y procedimientos en exposiciones temporales](#) / Charo Fernández, 2008.
- [Proceedings of the International Conference on Metals Conservation, Canberra Australia, 4-8 October 2004](#) / Editors John Ashton, David Hallam, 2004.
- [La pintura sobre cobre y otras planchas metálicas - Paintings on copper and other metal plates: producción, degradación y conservación - production, degradation and conservation issues](#) / Laura Fuster López, 2017.
- [Conservación de vidrieras históricas : análisis y diagnóstico de su deterioro : restauración : actas de la reunión : Santander, España, 4-8 de julio de 1994](#) / seminario organizado por The Getty Conservation Institute y la Universidad Internacional Menéndez y Pelayo, en conjunto con el Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturales ; coordinadores, Miguel Ángel Corzo, Nieves Valentín, 1997.
- [La conservación preventiva de bienes culturales](#) / Isabel García Fernández, 2013.

OBSERVACIÓN

- Non se permite o uso ou funcionamento de teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación, salvo consentimento expreso da docente.
- Na plataforma didáctica Moodle poderán consultarse as bases dos traballos de elaboración obrigatoria, materiais didácticos e documentación. A mesma plataforma poderá ser a empregada para a entrega de traballos e a realización de probas, quedando a discreción da docente.



- A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, e coa bibliografía recomendada.